



# **SON DA CASA!**

ESTAMOS UNIDOS NA DEFENSA DO NOSO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA PARA A XESTIÓN DOS “BONOS SON DA CASA”.**

## **REUNIDOS**

Dunha parte, **D. ALBERTO VARELA PAZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA CON NIF 35461107Y**

E doutra parte **DNA ROCÍO LOUZÁN BLANCO, DNI 35453018J**, en calidade de presidenta da asociación de comerciantes **CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA, CIF G- 36256048**

Recoñecéndose as partes representación e competencia suficiente para asinar o presente documento

## **MANIFESTAN**

- 1.** Que a Asociación de Comerciantes Zona Aberta ten como obxectivo a promoción do comercio nos seus establecementos asociados.
- 2.** Que o Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco da campaña **SON DA CASA** e dentro do plan integral de protección do tecido social e económico da cidade, ven de poñer en marcha a iniciativa **BONOS SON DA CASA**, na procura de incentivar o consumo nos establecementos comerciais, negocios e locais de hostalería de Vilagarcía para facer fronte á crise xerada polo COVID-19.

Por todo iso, as partes,

## ACORDAN

**PRIMEIRO.** Subscribir un convenio de colaboración que ten por obxecto o establecemento dun marco de cooperación entre o Concello de Vilagarcía e a Asociación de Comerciantes para a xestión da iniciativa de BONOS SON DA CASA, que se desenvolverá entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2020, ambos inclusive.

**SEGUNDO.** A asociación xestionará a iniciativa de acordo coas BASES que se engaden ao presente convenio como **ANEXO I**, que conteñen os dereitos e compromisos dos establecementos que se adhiran a ela, así como as condicións de uso dos Bonos polas persoas adquirentes.

**TERCEIRO.** Poranse á venda **3.750 paquetes de bonos** por valor de **30 Euros c/u** (10€+10€+5€+5€) dos que **o usuario pagará 20 €** e os outros **10 € correrán a cargo do Concello.**

Deste xeito, asegúrase un investimento de 112.500 Euros que recaerán directamente nos negocios, establecementos comerciais, e locais de hostalería de Vilagarcía, dos que o Concello de Vilagarcía aportará 37.500 € mediante a concesión á Asociación dunha subvención nominativa con cargo á partida orzamentaria **431-470 do orzamento vixente.**

**CUARTO.** Serán obrigas da Asociación de Comerciantes:

- Colaborar na xestión do proxecto
- Difundir a campaña entre os negocios, establecementos comerciais e locais de hostalería do Concello
- Xestionar e realizar o aboamento aos comercios adheridos á iniciativa.
- Xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención y da aplicación dos fondos percibidos dentro de los tres meses seguintes á finalización da execución do proxecto. Presentarase a tal efecto conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto segundo se indica:
  - Folla con relación de ingresos e gastos
  - Tickets utilizados nos establecementos adheridos á iniciativa
  - Facturas correspondentes aos servizos prestados por terceiros para a xestión da iniciativa.

- Elaborar un informe final do proxecto, memoria avaliativa e un balance económico das accións, dentro do prazo de tres meses seguintes á finalización da execución do proxecto.

**QUINTO.** Serán responsabilidade do Concello de Vilagarcía as funcións que se enumeran a continuación:

- Asignar unha dotación financeira para o desenvolvemento do proxecto
- Xestionar e supervisar as tarefas de adquisición dos bonos
- Difundir a iniciativa entre a cidadanía, negocios e establecementos do Concello
- Coordinación coa Asociación en todo o que for preciso
- Habilitar un espazo municipal para a asistencia ás veciñas e veciños do Concello que non posúan as competencias dixitais ou medios materiais para a adquisición telemática dos bonos.

**SEXTO.** O incumprimento de calquera das obrigas por parte da Asociación, suporá o reintegro total ou parcial da subvención concedida. Para o non previsto no presente documento, así como para a súa interpretación, modificación ou resolución, será de aplicación o disposto na lexislación vixente, en particular, a Ley 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio

Polo Concello de Vilagarcía  
Alcalde-Presidente/Alberto Varela Paz

Pola Asociación de Comerciantes  
A Presidenta/ Rocío Louzán Blanco

Ante min, A SecretariaO  
Rosa María Losada Suárez